



Actividades 2020



ÍNDICE

CAPÍTULO 1.- O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

1.1 NATUREZA E FINALIDADE

1.2 FUNCIONS

1.3 COMPOSICIÓN

1.4 FUNCIONAMENTO

1.5 SERVIZOS TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS

1.6 ORZAMENTO

CAPÍTULO 2.- UN ANO DE ACTIVIDADE

2.1 DOCUMENTOS APROBADOS

2.2 REUNIONS DOS ORGANOS COLEXIADOS

2.3 ACTIVIDADE INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN

2.4 O CES NA PRENSA

2.5 PRESENCIA INSTITUCIONAL

Nesta memoria de actividades recolleamos as principais actividades desenvolvidas polo Consello Económico e Social de Galicia no último ano, entre elas a Memoria sobre a situación económica e social, informes, colaboracións e convenios con outras entidades, xornadas, a presenza e participación institucional en actos e sesións e por último a recepción de reunións organizadas por outras institucións.

Os primeiros apartados están dedicados a describir qué o CES, o seu funcionamento e forma de traballar. Tamén se recolle a composición do organismo, coas persoas, entidades e organizacións que forman o Pleno e os distintos órganos colexiados, así como o número de sesións dos mesmos e os principais contidos das súas reunións.

Pero a memoria céntrase de seguido nos principais traballos aprobados polo Consello ao longo do ano, sobre todo na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia correspondente a 2019 , un ditame e os dous informes relacionados co Camiño de Santiago e a muller.

Como órgano consultivo en materia socioeconómica e símbolo da vocación de pluralidade e consenso, o CES continúa coa súa participación activa no Observatorio Galego de Dinamización Demográfica da que é sede dende a súa creación.

E ampliando diálogos e colaboracións, convertidos na nosa sinal de identidade, mantivemos a colaboración co Idega da USC, coa Rede Transnacional Atlántica (RTA), coa Universidade de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e a EGAP.

Resaltar que a excepcionalidade deste ano, debido a pandemia producida polo COVID-19, implicou, como en calquera administración, cambios no desenvolvemento normal das actividades programadas para o 2020.

CAPÍTULO 1.- O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

1.1 NATUREZA E FINALIDADE

O Consello Económico e Social é un organismo consultivo da Xunta de Galicia en materias socioeconómicas. Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, o CES configúrase como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da comunidade autónoma.

O CES de Galicia foi creado pola devandita Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, para facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica e social e atender a aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopción de decisións por parte do Executivo autonómico.

No CES está representado un variado abano de organizacións socio-profesionais, entidades e asociacións de todo tipo –desde os sindicatos as Universidades, dos pescadores aos consumidores–, o que lle confire o seu especial carácter de foro permanente de diálogo e deliberación entre a sociedade civil organizada e a Xunta de Galicia para o exercicio da súa función consultiva.

Como novidade, este ano foi incorporado un representante da economía social proposto polo Consello da Economía Social de Galicia. (modificación do artigo 7 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o consello Económico e Social de Galicia, relativo á composición do organismo e designación).

A labor do CES aplícase non só á actividade normativa gobernamental, senón mesmo á elaboración, por iniciativa propia, de estudos e informes que conteñen propostas dirixidas a unha eventual introdución de reformas nas políticas públicas aplicadas nos diferentes sectores de actividade.

O Consello é un organismo independente do Executivo autonómico. Na súa composición, a diferenza do que acontece con órganos homólogos doutras comunidades autónomas, non figura ningún representante do Goberno.

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello son as materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, en concreto as relativas á economía, tributación, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, enerxía e industria, vivenda e mercado único europeo.

Queda fóra deste ámbito de competencias e eido das relacións laborais, atribuído en exclusiva ao Consello Galego de Relacións Laborais.

O presidente da Xunta de Galicia é o encargado de solicitar do consello a emisión de ditames ou informes de carácter preceptivo sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos legislativos ou plans xerais ou sectoriais. Cando un departamento ou consellería competente entenda que un proxecto non require ditame preceptivo, deberá xustificar, coa correspondente memoria explicativa, a non remisión do mesmo a este organismo.

1.2 FUNCIONS

As funcións do Consello Económico e Social de Galicia, reguladas no artigo 5 da súa Lei de Creación son:

- 1- Emisión de ditames preceptivos sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén pode ser consultado facultativamente para outros asuntos ou materias non comprendidas no apartado anterior.

- 2- O Consello tamén elabora informes, por iniciativa propia ou a petición da Xunta de Galicia, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans o programas de desenvolvemento da mesma. Nese eido, pode dar a coñecer ó Goberno a súa opinión –o parecer dos seus membros– sobre a execución destes plans.
- 3- A participación en mesas sectoriais xunto con representantes da Administración é outra das funcións do CES.
- 4- A Lei recolle tamén a obriga de elaborar anualmente e remitir ao Consello da Xunta, a través da Consellería de Economía e Facenda, unha memoria sobre a situación económica e social de Galicia. Este traballo pode incluír opinións e recomendacións sobre as políticas gobernamentais.

1.3 COMPOSICIÓN

O Consello Económico e Social está formado por 38 membros: tres grupos de 12 membros, máis Presidente/a e o Secretario Xeral.

- Grupo 1: Os seus doce membros son designados polas **organizacións sindicais** en función da súa representatividade. Neste momento, catro membros corresponden á Confederación Intersindical Galega, catro membros a UGT–Galicia e catro membros representan a Comisións Obreiras de Galicia.
- Grupo 2: corresponde as **organizacións empresariais** con capacidade representativa. Os seus doce membros son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.
- Grupo 3: Acolle diversas **entidades e asociacións cidadáns, culturais e socioeconómicas** máis representativas da realidade económica e social de Galicia . O sector agrario conta con catro representantes (segundo a representatividade obtida nas últimas eleccións agrarias, dous membros de Unións Agrarias e dous do Sindicato Labrego Galego); dous membros do sector marítimo pesqueiro, designados polas confrarías de pescadores (un de marisqueo e un de baixura); dous membros en representación do Consello

Galego de Consumidores e Usuarios; tres representantes das Universidades galegas e un representante da economía social designado polo Consello Galego de Economía Social.

Cada membro ten un suplente para cubrir as súas eventuais ausencias ás reunións de traballo. Os membros son nomeados para un período de catro anos, aínda que poden ser substituídos pola súa organización en calquera momento. O substituto permanecerá no cargo ata o final do período previsto para o seu antecesor.

• Composición do Pleno en 2020

A composición do plenario do CES é variable, xa que os membros poden ser substituídos polas súas respectivas organizacións en calquera momento do seu mandato por circunstancias diversas.

Tendo en conta esta precisión, e dado que unha composición actualizada en cada momento pode consultarse na páxina web do Consello, nesta Memoria de actividades se recollen os membros do Pleno do CES a 31 de decembro de 2020 (titulares e suplentes).

Organizados por grupos e segundo a organización á que pertencen, son os seguintes:

Presidente

-Agustín Hernández Fernández de Rojas

Secretario xeral

-Manuel Martínez Varela

Membros titulares

Grupo 1.- Organizaci3ns sindicais

CIG (Confederaci3n Intersindical Galega):

- Miguel Malvido Cabirto
- Susana M3ndez Rodr3guez
- Natividade L3pez Gromaz
- H3ctor L3pez de Castro

UNI3N GENERAL DE TRABAJADORES-UGT Galicia:

- Jos3 Carlos Rodr3guez del R3o
- Delia Irene Mart3nez Conde
- Beatr3z Meil3n del R3o
- Jose' Luis Fern3ndez Celis

CC.OO. de Galicia:

- Carlos Pardo Pardo
- Xes3s Castro Baamonde
- Maica Bouza Seoane
- Juan Mart3nez Garc3a

Grupo 2.- Organizaci3ns empresariais

CEG (Confederaci3n de Empresarios de Galicia):

- Antonio Fontenla Ramil
- Jos3 Manuel Maceira Blanco
- Jos3 Mar3a Corujo Seguido
- David Mart3nez Alonso

- Javier Martínez López
- Francisco Couso Santos
- Marisol Novoa Rodríguez
- J. Ignacio López-Bachiller Fernández
- Jorge Cebreiros Arce
- Jaime Luis López Vázquez
- Jesús A. Méndez Álvarez-Cedrón
- Diego Vázquez Reino

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:

Unións Agrarias de Galicia:

- Rosa Arcos Caamaño
- Pedro González Boquete

Sindicato Labrego Galego:

- Ramón Barreiro Carnota
- Marieta Pastoriza Martínez

Federación de confrarías:

- Manuel Daniel Formoso Moledo
- José Antonio Pérez Sieira

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:

- Miguel López Crespo
- Rosa Celia Otero Raña

Universidade da Coruña:

- Angel S. Fernández Castro

Universidade de Santiago de Compostela:

-Edelmiro López Iglesias

Universidade de Vigo:

-José María Martín Moreno

Consello Galego de Economía social:

-Antón Insua López

Membros suplentes

Grupo 1.- Organizacións sindicais:

CIG (Confederación Intersindical Galega):

-Margarida Corral Sánchez

-Lucía Freire Ces

-Anxo Noceda Carballo

-Xavier Rodríguez Fidalgo

UGT-Galicia:

-Mar Alfonsín Madrigal

-Olga Crespo Sánchez

-Raquel Seijas Lamelas

-M^a Isabel González Jardón

CC.OO. de Galicia:

-Omar Ceveira Vázquez

-Silvia Parga Rodríguez

-Alejandro Rodríguez Pazos

-Roi Fernández Rodríguez

Grupo 2.- Organizaci3ns empresariais:

Confederaci3n de Empresarios de Galicia:

- Marta Amate L3pez
- M^a del Mar Barreiros Mariño
- María Botana Rocamonde
- Marina Graña Bermúdez
- José Antonio Neira Cortés
- Laura Otero Rúa
- Cristina Rama Molinos
- Rosa María Sánchez Gándara
- Ver3nica Val Vázquez
- Lourdes Pardo Domínguez
- Guadalupe Hervera Iglesias
- Ana Belén Vázquez Eibes

Grupo 3.- Outras entidades e asociaci3ns:

Unións Agrarias de Galicia:

- Jacobo Feij3o Lamas
- cristina Pedreira González

Sindicato Labrego Galego:

- Ana Eiras Regueira
- Xosé Pérez Rei

Federaci3n de Confrarías:

- José Basilio Otero Rodríguez
- José Manuel Rosas Otero

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:

- Josefa Monteagudo Romero
- M^a Rocio Arnoso Moure

Universidade da Coruña:

- Angel S. Fernández Castro

Universidade de Santiago de Compostela:

- Melchor Fernández Fernández

Universidade de Vigo:

- Jorge Falagán Mota

Consello Galego de Economía Social:

- Esther Blanco Araújo

- **Órganos**

A participación efectiva dos membros no traballo do CES artéllase a través de distintos **órganos colexiados**: o Pleno, a Comisión Permanente e as Comisións Sectoriais. O consello conta tamén con dous **órganos unipersoais**, o Presidente e o Secretario Xeral.

O Pleno

É o órgano de goberno do Consello. Está composto polos seus 38 membros, todos con dereito a voto agás o secretario xeral. O Pleno establece as liñas xerais de actuación do consello e organiza o seu funcionamento interno, aproba os ditames, estudos ou informes, decide a elaboración doutros traballos e aproba tamén a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia.

A Comisión Permanente

É o órgano colaborador do Pleno no goberno do CES. Está composta polo presidente, o secretario xeral e nove membros titulares, tres de cada un dos grupos que o compoñen. Entre as súas funcións destaca a supervisión das actividades do organismo e a coordinación dos traballos das diferentes comisións. A Comisión Permanente eleva ao Pleno canto estima necesario para o mellor funcionamento do consello.

As Comisións Sectoriais

As tarefas cotiás de elaboración de informes e ditames están adscritas ás comisións sectoriais, grupos de traballo de nove membros que manteñen a representación proporcional do Pleno (con tres membros de cada un dos grupos do plenario). O ces funciona con catro comisións sectoriais especializadas por ámbitos:

- CS-1: Economía, emprego e sectores produtivos.

- CS-2: Sector público e benestar social.
- CS-3: Desenvolvemento rexional.
- CS-4: Memoria socioeconómica de Galicia.

O Presidente

Representa ao Consello e dirixe as súas actuacións, ademais de velar polo bo funcionamento do mesmo.

O Secretario xeral

É o órgano de asistencia técnica e administrativa do CES e o depositario da fe publica dos seus acordos.

1.4 FUNCIONAMENTO

Para explicar o funcionamento dos distintos órganos do Consello no desenvolvemento das súas funcións, podemos distinguir entre dous tipos de procedementos, o externo, que é o que se segue para solicitar do organismo un ditame, e os internos, que serían os procedementos que seguen a esta petición ou calquera dos traballos que se inician.

• O procedemento externo

O procedemento establecido para que o Goberno galego solicite a actuación consultiva do CES foi definido tamén polo Consello da Xunta na devandita sesión de febreiro de 1999, nos seguintes termos:

“1.- Correspóndelle ao Presidente da Xunta solicitar do Consello Económico e Social de Galicia a emisión de ditames ou informes sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais a que se refire o artigo 5.1.1. da Lei 6/1995, do 28 de xuño, así como aqueloutros dos que a solicitude teña carácter preceptivo.

2.- Os departamentos ou consellarías con competencias para a elaboración dos anteproxectos, proxectos e plans sinalados no apartado 1 deste acordo, cando fose preceptivo o informe do Consello Económico e Social de Galicia, de acordo coa súa lei de creación, interesaran do presidente da Xunta. A petición de ditames irá acompañada de toda a documentación necesaria para se poder pronunciar.

3.- Cando os departamentos ou consellarías competentes estimen que os anteproxectos, proxectos ou plans a que se refire o punto 1 deste acordo non requiren ditame preceptivo do CES-Galicia, xustificaran o dito extremo mediante a incorporación ao expediente dunha memoria, asinada polo secretario xeral, na que se precisen as razóns polas que non se considera preceptivo o ditame, salvo no caso de que este finalmente se interese.”

• **Os procedementos internos**

O seu Regulamento de Réxime interno, aprobado polo Pleno na súa sesión de 29 de abril de 1996 (DOG do 11 de xuño de 1996) e modificado polo Pleno na sesión de 9 de marzo de 1999 (DOG do 24 de marzo de 1999) e na sesión de 22 de febreiro de 2001 (DOG do 15 de marzo de 2001), regula os procedementos internos do Consello, tanto o procedemento xeral como os distintos procedementos específicos.

O **procedemento xeral** iníciase, unha vez recibida a petición de elaboración dun ditame, coa remisión da mesma por parte do presidente do Consello ao presidente da comisión sectorial competente segundo o asunto de que se trate. A vez, notifícase esa remisión á Comisión Permanente e, por extensión, en virtude dun acordo plenario, a todos os membros do CES.

Unha vez recibido o encargo, no que se fixan tamén os prazos máximos para o remate do traballo, a comisión sectorial organiza o seu labor do xeito que considera mais oportuno, sempre contando co apoio dos servizos técnicos do consello, en particular do centro de documentación e do Gabinete técnico. se se estima necesario, pode contar co asesoramento de expertos externos.

Unha vez rematado o traballo e redactada unha proposta de ditame (os informes ou estudos iniciados por propia iniciativa seguen un proceso similar,

agás na súa orixe), entregáselle ao presidente do CES, que é o encargado de envialo á Comisión Permanente como paso previo á convocatoria do Pleno. Nalgún caso, e previa delegación do Pleno, a propia Comisión Permanente pódese encargar da aprobación dalgún dos traballos do Consello. No caso de que a aprobación corresponda ao Pleno (que é o habitual), a Comisión Permanente limitarase a coñecer o texto remitido pola comisión sectorial e convocar a celebración da sesión plenaria.

Antes da data sinalada para a mesma, os membros do Consello poden presentar as emendas que estimen oportunas ao texto proposto. Se se trata de emendas totais, estas deben ir acompañadas dun texto alternativo.

O Pleno debate o texto elaborado pola comisión sectorial e mais as posibles emendas, que, sometidas a votación, son incorporadas ou non. Finalizado o debate, o texto final sometese tamén a votación para a súa aprobación. Se non se acadara unha maioría suficiente, o texto podería volver a remitirse á comisión sectorial para a súa remodelación segundo os parámetros expresados na sesión. Se, polo contrario, a maioría dos membros do Pleno vota a favor do texto, o procedemento remata coa inclusión do resultado e os posibles votos particulares na resolución aprobatoria e a remisión do texto final á Xunta de Galicia.

Cada un dos traballos que aborda o Consello Económico e Social de Galicia ten o seu propio **procedemento específico** de elaboración aprobado pola Comisión Permanente, que son lixeiras variacións respecto a este esquema xeral para adaptalo as características concretas dos informes, ditames, informes-opinión ou a Memoria socioeconómica.

1.5 SERVIZOS TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS

Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Económico e Social de Galicia conta cunha estrutura de técnicos e persoal de administración formada por nove traballadores, que se organiza en distintos departamentos:

O Gabinete Técnico

É o encargado da elaboración dos traballos preliminares para a redacción dos informes e ditames do Consello, cunha descrición e análise pormenorizada do obxecto do estudo. Está composto por dous expertos en materias socio-económicas. O Gabinete aporta as referencias estatísticas necesarias para os traballos, as analiza e prepara unha proposta da parte descritiva do informe para a súa posterior avaliación por parte das comisións sectoriais. O seu labor céntrase na redacción da memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e dos distintos informes e ditames que, por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Galicia, elabora o Consello. A partir das súas propostas, redáctanse as consideracións, que son aportadas polos distintos membros da comisión sectorial competente.

O Centro de Documentación

Encargase de proporcionar as Comisións Sectoriais, á Permanente e, no seu caso, ao Pleno do CES todos os datos que precisen para a correcta elaboración dos seus traballos. Tamén pon a disposición dos membros do Consello fondos e recursos documentais, en calquera lugar no que se atopen, na mais ampla gama de soportes. Xestionar eses fondos dunha maneira rápida e áxil é o fin último do Centro de Documentación do CES-Galicia.

A función do Centro de Documentación e apoio ao Consello é facilitar aos seus membros e ao Gabinete técnico os materiais bibliográficos e documentais que podan necesitar para as súas reunións e para unha axeitada toma de decisións. O centro ofrece información especializada na área socioeconómica aos membros do CES-Galicia e ao persoal técnico deste. Internet é nunha ferramenta básica para o traballo do departamento desde hai varios anos.

Así mesmo o Centro de Documentación encargase de manter actualizados as publicacións periódicas dixitais na páxina web así como os indicadores de conxuntura da economía galega.

Departamento de Xestión

Encargase de todas as funcións de xestión presupostaría e contable, da contratación de servizos e subministracións, do seguimento das obras, reformas e mantemento das instalacións e, dun xeito destacado, da xestión de recursos humanos do organismo.

Gabinete de Comunicación

As tarefas de exteriorización da actividade do organismo artéllanse no Gabinete de Comunicación. Dunha banda, este departamento é o encargado, baixo a coordinación e con dependencia funcional do Secretario Xeral, do seguimento dos procedementos que ten en marcha o Consello e o cumprimento dos prazos establecidos pola lei para o seu remate. As relacións cos membros do Consello son parte fundamental do seu labor diario. Por outra banda, o gabinete é o responsable das relacións externas, das relacións cos medios de comunicación e da coordinación das publicacións do CES, entre elas a presente memoria. Entre as súas responsabilidades inclúese tamén, en coordinación co centro de documentación, participar no contido da páxina web do Consello, na que estamos a incluír, nunha area privada para os membros, todo o material documental necesario para o desenvolvemento das distintas sesións das comisións sectoriais.

- O responsable da unidade de **Administración da rede informática**, que depende orgánica e funcionalmente do centro de documentación, encargase do deseño e mantemento dos sistemas de información e novas tecnoloxías do Consello, así como da crecente aplicación das mesmas ao traballo diario. Tamén está a traballar no soporte técnico da páxina web do Consello.

- Tres **auxiliares** administrativos–técnicos auxiliares en informática, que dependen organicamente do departamento de xestión e funcionalmente dos responsables das areas as que están adscritos, realizan o apoio administrativo necesario no desenvolvemento das actividades propias do Consello.

1.6 ORZAMENTO

O orzamento do Consello Económico e Social de Galicia para 2020 ascendeu a 993.031 euros, cun incremento de 4,28 % respecto ao ano anterior. Malia subida, aínda que non chega as cifras que manexou o organismo en décadas anteriores, permitiu, en todo caso a dotación certo marxe de manobra para o desenvolvemento das actividades que se levaron a cabo.

O novo presuposto cun incremento do capítulo I, consecuencia da variación prevista para todo o persoal ao servizo das administracións públicas, no capítulo II, dotacións esenciais para o funcionamento do organismo e tamén no capítulo IV destinado a compensación económica das organizacións representadas no CES polos gastos que se lles ocasionen. Máis concretamente, no capítulo I, gastos de persoal, contou con 655.887 euros e no capítulo II, gastos de bens correntes e servizos, acada os 155.415 euros e para os IV e VI, 151.729 e 30.000 euros respectivamente.

CAPÍTULO 2.- UN ANO DE ACTIVIDADE

Entre as actividades desenvolvidas polo Consello Económico e Social de Galicia no ano 2020, en cumprimento das funcións que lle son propias, aprobáronse neste ano, a memoria socioeconómica anual, dous informes e un ditame; resúmense as reunións celebradas polos seus órganos colexiados, cos seus acordos mais destacados. Tamén facemos un breve resumo da importante actividade institucional desenvolvida nestes doce meses, tanto no marco intercomunitario como no eido europeo, a través da habitual colaboración con organismos homólogos na Rede Transnacional Atlántica (RTA); as colaboracións cas Universidades

Como sempre, información mais polo miúdo pode atoparse na web do ces, onde están dispoñibles todos os documentos a texto completo. Esta documentación pode atoparse no apartado de Publicacións ou procurarse a través do buscador.


<https://www.ces-galicia.org>

2.1 DOCUMENTOS APROBADOS

MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

Unha das funcións asignadas ao Consello é a elaboración dun estudio global sobre a situación socioeconómica da Comunidade Autónoma, o documento máis significativo que redacta este organismo cada ano. A Comisión sectorial responsable é a nº 4, neste ano, a presidencia da comisión correspondeu á representante da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). A proposta de Memoria elaborada pola dita comisión sectorial foi tramitada pola Comisión Permanente deste organismo na súa sesión 5/20, do 24 de xullo e de acordo coa normativa, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia aprobou por unanimidade, na súa sesión 4/20, do 28 de xullo, a presente Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2019.

Como cada ano, estudiábase a situación sobre os datos estatísticos correspondentes ao exercicio anterior.



O documento mantén unha estrutura de cinco capítulos, os cales, se foron analizando logo de rematada a recompilación dos datos mais relevantes da realidade galega e tendo en conta as especiais circunstancias derivadas da pandemia provocada polo Covid-19 que mudaron de maneira substancial dita realidade, motivo polo cal o CES considerou oportuno non aventurar recomendacións ou conclusións o termo da análise dos indicadores anuais.

Como é habitual, esta Memoria 2019 como as anteriores, pode consultarse na web do CES.

<https://www.ces-galicia.org/memoriasocioeconomica>

INFORME 1/20: A SITUACIÓN DA MULLER NO LIMAR DE 2020

A súa normativa de creación establece que o CES poida tamén levar a cabo informes ou estudos sobre distintos aspectos socioeconómicos para favorecer o desenvolvemento económico e social de Galicia.



O Informe e un documento de autor que no reflicte a opinión do CES nin a das organización que o compoñen.

Tomouse razón no Pleno na súa sesión 4/20 o 28 de xullo do 2020.

INFORME 2/20: AVALIACIÓN E ANÁLISE DO POTENCIAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO –VÍA DA PRATA PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE A ESCALA LOCAL



Froito da colaboración entre o CES, a Deputación de Ourense e a USC, responde ao interese común de afondar no coñecemento do impacto do Camiño de Santiago- Vía da Prata en Galicia a escala local, tanto no eido económico como no demográfico, social e ambiental. Preténdese fornecer de información aos axentes do sector e ás administracións públicas para facilitar a toma de decisións baseadas en datos que permitan a mellor ordenación e dinamización de Galicia no relativo a este eixo vertebrador que é o Camiño.

Foi aprobado polo Pleno na sesión 4/20 do 28 de xullo do 2020. e logo presentado no acto que transcorreu no Mosteiro de Oseira en San Cristovo de Cea no que estiveron presentes o Conselleiro de Cultura, o Presidente da Deputación de Ourense, a Comisaria do Xacobeo xunto co Presidente do CES e o director do equipo elaborador do informe.



DITAME 1/20: ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO EN GALICIA



Con data 4 de decembro de 2019 tivo entrada Consello Económico e Social de Galicia oficio do Presidente da Xunta de Galicia remitindo para o seu preceptivo ditame o anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia. A Comisión Sectorial 2- Sector Público e Benestar Social, competente na materia acordou aprobar a proposta de ditame para a súa posterior tramitación e aprobación polo Pleno o 13 de xaneiro de 2020 cas seguintes

consideracións xerais, particulares:

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES fai constar que non aparece xustificada no expediente a solicitude do ditame por vía de urxencia, como resultaría en todo caso necesario. Máis aínda se temos en conta que a andadura pública desta Lei ten a súa orixe no trámite de audiencia no portal de transparencia da Xunta de Galicia (no mes de xullo de 2019), no Consello Galego de Benestar, deixando ao CES nun papel secundario e con menor oportunidade de poder incidir na mellora deste anteproxecto.

2.- Este Consello comparte a necesidade e a oportunidade desta norma, xa que nos atopamos nun momento crítico en termos demográficos, mais no anteproxecto presentado abundan meras declaracións de intencións e compromisos moi xenéricos, desvirtuándose o alcance real que tería que ter esta lei: avanzar de xeito significativo no impulso demográfico de Galicia. Asemade, considera que se está a perder a oportunidade de dar resposta efectiva ás intencións que reflicte a Lei na súa exposición de motivos e no artigo 1.2. ao sinalar que un dos seus obxectivos e finalidades é o establecemento de principios, liñas de actuación e medidas. Entre aqueles artigos nos que sería necesario unha maior concreción cómpre resaltar, entre outros, o artigo 42 (Asistencia sanitaria á reprodución), artigo 65 (Mellora do saldo migratorio e das taxas de poboación activa), artigo 66 (Estímulo das actividades económicas) ou os artigos 77 e 78 sobre accesibilidade dos servizos públicos e mobilidade, respectivamente. Por contra, outros artigos contemplan medidas que non deberían ser obxecto específico desta Lei, e menos cun nivel de detalle tan importante (artigo 46, por exemplo).

3.- Pola súa especial incidencia na fixación da poboación e no impulso demográfico cómpre resaltar a falta de concreción nos artigos directamente relacionados coa ordenación do territorio e das actividades económicas vinculadas a este. Neste senso, o CES considera que a vinculación ao territorio CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA 10 e ás zonas en risco de despoboamento debe ser o eixo central dunha lei de impulso demográfico. Entre os artigos que requiren unha maior concreción pódense mencionar o 86 (Fomento do turismo sustentable e inclusivo), 87 (Acceso á terra), 89 (Sustentabilidade das actividades agroforestais e marítimo pesqueiras) ou 90 (Diversificación da actividade económica)

4.- O CES considera necesario facer unha referencia ás dificultades derivadas da situación socioeconómica e laboral como elemento condicionante da dinamización demográfica, concretadas en poucas oportunidades de acceso á vivenda e nas dificultades de acceso a un emprego estable e de calidade.

5.- Nunha Lei de impulso demográfico, o CES bota en falta medidas específicas dirixidas á fixación de poboación no medio rural e costeiro con pouca poboación, garantindo servizos e prestacións similares ás zonas máis poboadas.

6.- O CES considera necesario chamar a atención sobre a limitada dotación orzamentaria dirixida a “novas actuacións”. Tendo en conta o ámbito desta Lei, considera fundamental que as políticas activas de impulso demográfico contén cunha dimensión orzamentaria adecuada á realidade.

7.- Este Consello considera axeitado que a norma prevea un desenvolvemento regulamentario para a efectiva posta en marcha das medidas e sistemas recollidos no seu articulado, establecendo prazos específicos para cada caso.

8.- O CES considera que unha Lei de Impulso Demográfico non é o instrumento axeitado para modificar determinadas obrigas ou criterios con carácter xeral para tódolos contratos. Non é pois unha solución axeitada, senón ao contrario, pode dar lugar a conflitividade no marco da contratación pública, que debe establecer para cada contrato os criterios e condicións que poidan consonte á lei ser esixidos ou ponderados.

9.- Tendo en conta a importancia e o impacto dunha lei específica sobre o impulso demográfico, o CES considera necesario que o novo texto lexislativo inclúa unha mención expresa á participación dos interlocutores económicos e sociais, nomeadamente das organizacións máis representativas dos traballadores/as e empresarios/as de Galicia. A devandita participación debería facerse consonte á Lei 17/2008 de 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

A modo de exemplo, ao falar da participación da «sociedade» nos artigos que van do 10 ao 15 menciona á Administración local, empresas privadas, terceiro sector e cidadanía, pero non aos interlocutores económicos e sociais.

10.- Finalmente, o CES recorda a necesidade de que na exposición de motivos se faga alusión a que o proxecto de lei foi obxecto de ditame por parte do Consello Económico e Social de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Dada a gran complexidade e amplitude do anteproxecto de Lei, o CES considera necesario incluír un índice do texto. Tal e como recomenda a Resolución de 5 de novembro de 2014, da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 30 de outubro de 2014, polo que se aproban as Directrices de técnica normativa, este *“índice debe ubicarse despois do título e sempre antes da parte expositiva”*.

- Exposición de motivos

O anteproxecto de Lei menciona que o Observatorio galego de dinamización demográfica *“busca implicar a todas as Administracións Públicas de Galicia, aos interlocutores sociais, ao sector privado e ao conxunto da cidadanía”*. O CES considera que entre as organizacións que compoñen o devandito Observatorio non están representadas todas aquelas directamente implicadas no medio rural, nomeadamente as vinculadas ao sector primario.

Asemade, o CES bota en falta unha mención máis polo miúdo ao novo fenómeno de emigración da xuventude.

- Artigo 1. Obxecto e finalidade da lei

Tendo en conta o obxecto e finalidade deste Anteproxecto, o CES considera necesario facer unha referencia aos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

- Artigo 3. Definicións

Aos solos efectos desta Lei, o CES considera necesario que a definición de *“Poboación galega retornada”* recollida na letra i) se faga extensiva ao retorno de galegos residentes no resto das Comunidades Autónomas.

Asemade, este organismo entende que para ofrecer maior claridade e seguridade xurídica, debería revisarse o texto e incorporarse ao catálogo de definicións do artigo 3 os conceptos utilizados ao longo do texto que non queden claramente definidos, ou no seu caso, desenvolveselos con máis detalle nos apartados correspondentes. Como exemplo, atopamos, entre outros, *renda familiar estandarizada* (artigo 29), ou *parentalidade positiva* (artigo 26.2).

Ao mesmo tempo, o CES considera conveniente incluír dous novos apartados neste artigo:

Un para sinalar o que se entende por “familias en situación de especial vulnerabilidade”, ás que se refire a norma nos artigos 30 ou 33, e se é o caso, se faga constar alomenos a remisión á Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, en canto que neste anteproxecto, concretamente na disposición derradeira terceira, se modifica a citada lei precisamente para incluír un artigo 17 bis no que se definen cales son as familias en situación de especial vulnerabilidade económica.

Por outra parte, sería necesario incluír outro apartado que defina o que nesta lei se entende por “mocidade” (particularmente ata que idade pode entenderse tal concepto) ou ben que se describa dalgún xeito no capítulo IV titulado “Apoio a mocidade”.

- Artigo 4. Principios reitores

Dado que o apartado a) deste artigo se refire ao principio de igualdade e respecto á diversidade nas políticas activas de impulso demográfico, o CES considera que tamén debe terse en conta a situación de dependencia ou discapacidade.

- Artigo 5. Principios de actuación

Nos termos previstos nas consideracións xerais deste documento, o CES considera que o parágrafo h), relativo ao principio de participación, debería incluír especificamente aos interlocutores económicos e sociais.

O CES considera necesario que se recolla como principio de actuación a simplificación das tramitacións administrativas con fin de mellorar tanto a accesibilidade aos procedementos como a relación directa coa cidadanía.

- Artigo 6. Principios específicos en materia de familia

O CES considera necesario que as políticas de apoio ás familias garantan unha protección real das distintas realidades familiares, promovendo o respecto á diversidade afectivo sexual dos distintos modelos de familia. Neste senso propónse a incorporación dunha nova letra denominada “Diversidade”.

- Artigo 9. Informe periódico e indicadores en materia demográfica

O CES valora positivamente a inclusión na planificación estatística da Administración Autonómica a elaboración de indicadores de competitividade territorial. Non obstante, considera que debería incorporarse a perspectiva de xénero en todas as súas estatísticas, o que permitiría un maior coñecemento da realidade do ámbito rural.

- Artigo 13. Colaboración co sector privado

Tendo en conta que o obxecto desta lei é establecer os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia, favorecendo un desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable e territorialmente equilibrado, o CES considera necesario que se vinculen dalgún xeito os investimentos ao asentamento de familias nas zonas con situación demográfica deprimida.

O parágrafo 3 contempla que *“a Administración autonómica impulsará a cooperación co sector privado para que este incorpore a formación do seu persoal en materia demográfica”*. O CES considera que sería máis axeitado que a Administración autonómica impulse dita cooperación para que o sector privado incorpore a formación do seu persoal non tanto en materia demográfica directamente, senón naquelas materias que inflúen no impulso demográfico, como a saúde e os hábitos de vida saudables, a empregabilidade, etc

- Artigo 16. Contratación

O CES considera necesario ordenar varios conceptos recollidos no apartado 3. Así, o texto debería referir por unha banda a *“agricultura e gandería ecolóxica”*, por outra banda a *“xestión forestal e a pesca sustentable, e os que garantan...”* No concernente ao apartado 5, o CES considera necesario ter en conta ao denominado terceiro sector como prestador de servizos.

- Artigo 17. Axudas e subvencións públicas

O alcance da implicación da Administración autonómica nos puntos que trata queda limitado ás axudas e subvencións públicas, cando ten outros ámbitos de decisión moito máis importantes e relevantes con incidencia na materia como son a aprobación de proxectos e autorizacións administrativas, etc. En coherencia co que se recolle na exposición de motivos, o CES considera necesario ampliar o alcance da implicación da Administración autonómica.

- Artigo 21. Observatorio Galego de Dinamización Demográfica

O CES considera positivo que se eleve a rango de Lei o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, con independencia do seu desenvolvemento posterior nun instrumento de rango inferior, pois consolida definitivamente este órgano de participación.

- Artigo 22. Estudo en materia demográfica

O CES considera que o Informe anual do estado da situación que realizará e divulgará o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica non debe circunscribirse ao custo económico da crianza e educación. Asemade, considera que o devandito informe servirá de referencia ás Administracións públicas galegas para o deseño das súas políticas en materia demográfica, polo que considera necesario substituír no parágrafo segundo do apartado 2 *“poderá servir” por “servirá”*.

“O dito informe servirá de referencia ás Administracións públicas galegas para o deseño das súas políticas en materia demográfica [...]”

- Artigo 23. Sensibilización social en materia demográfica

O apartado 2 establece que a administración autonómica informará periodicamente á poboación no Diario Oficial de Galicia do saldo vexetativo de cada concello de Galicia. Tendo en conta que actualmente esta información está sendo difundida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) na súa páxina web, o CES considera que non se xustifica a publicación deste indicador no DOG.

- Artigo 24. Formación no ámbito educativo

O CES bota en falta unha maior concreción dos contidos formativos, xa que non se especifican. Un exemplo dos contidos serían, entre outros, a corresponsabilidade, a conciliación, a igualdade real e a inclusión da inmigración.

- Artigo 27. Políticas activas de emprego

O CES considera que o emprego de calidade é un dos piares fundamentais da demografía, entendendo necesario polo tanto un maior desenvolvemento e concreción en diferentes materias tales como colectivos e medidas.

- Artigo 28. Apoio no acceso e á permanencia na vivenda

Nun artigo dedicado ao acceso e á permanencia na vivenda, o CES bota en falta que se contemple algún tipo de desgravación fiscal tanto para inquilinos como para persoas propietarias de vivendas situadas en zonas pouco poboadas.

Título II. Capítulo II. Apoio ás familias (artigos 30-42)

Neste capítulo dedicado ao apoio ás familias, o CES considera necesario engadir un novo artigo que recolla que a Administración autonómica promoverá accións que poñan en valor a maternidade, como forma de realización persoal e familiar e contribución a propia sociedade. Sen prexuízo do anterior sería necesario recoller tamén que a Administración autonómica desenvolverá políticas que faciliten a adopción e acollida de menores.

- **Artigo 31. Prestacións e axudas familiares por nacemento**

Co obxectivo de ampliar a protección das familias en situación de especial vulnerabilidade mentres se manteña esa situación, o CES considera necesario indicar que estas familias poderán manter as prestacións e axudas previstas neste artigo mentres sexa preciso, no caso que o solicitaran e non tiveran acceso a calquera outro recurso de protección social.

- **Artigo 34. Axudas para a mellora das vivendas**

Tendo en conta o acusado desequilibrio rural-urbano, o CES considera que neste artigo deberían contemplarse de forma específica as vivendas situadas en zonas rurais en situación de despoboamento como medida para o reequilibrio poboacional e a recuperación do patrimonio.

- **Artigo 38. Especial consideración das familias numerosas**

Co obxectivo de apoiar de xeito concreto ás familias numerosas, o CES considera necesario que entre as medidas previstas se contemple que a Administración autonómica regulará beneficios fiscais, terá en conta a condición de familia numerosa e a renda per cápita na concesión de axudas, promoverá as accións pertinentes para que teñan acceso a unha vivenda de protección oficial con superficie adecuada ás súas necesidades, establecerá bonificacións nas peaxes de autoestradas da súa titularidade e preverá a aplicación de prezos reducidos nas licitacións de prazas de aparcamento públicas.

- Artigo 39. Espazos para as familias nos edificios de uso público

O CES considera necesario desenvolver tecnicamente a configuración e composición dos espazos públicos para familias previstos neste artigo xa que esta definición é precisa para dar cumprimento de xeito harmonizado ás obrigas recollidas no artigo. Este desenvolvemento debe evitar caer no estereotipo de colocar eses espazos tan só nos aseos de mulleres e así mesmo debe ter en conta a diversidade da configuración familiar.

Así, o CES propón que a nova lei estableza un mandato para que nun prazo razoable quede definida a nivel autonómico a configuración e condicións destes espazos.

- Artigo 42. Asistencia sanitaria á reprodución

O CES considera necesario especificar no apartado 1 que esta asistencia sanitaria se realizará “sen restricións de acceso ás persoas que carecen de parella ou que teñen unha parella do mesmo sexo”, polo que propón engadir ao final do apartado un texto deste ou similar teor:

“1. A Administración autonómica adoptará de maneira progresiva medidas tendentes a que as persoas que necesiten da reprodución asistida como medio para ter descendencia poidan dispoñer de asistencia sanitaria e dos medios precisos para tal fin, sen restricións de acceso ás persoas que carecen de parella ou que teñen unha parella do mesmo sexo”.

- Artigo 43. Criterios xerais de actuación en materia de conciliación

No apartado 1, referido ao coidado das fillas e fillos e das persoas dependentes, o CES considera necesario indicar que este non é só un dereito e unha responsabilidade colectiva de toda a sociedade, senón que tamén é unha obriga dos poderes públicos. Neste senso, propón esta nova redacción ou outra de similar teor:

“[...] e na consideración de que o coidado das fillas e fillos e das persoas dependentes, ademais dunha obriga dos poderes públicos, é tanto un dereito coma unha responsabilidade colectiva de toda a sociedade”.

- Artigo 44. Defensa da maternidade e paternidade nos procedementos penais

O CES considera necesario unha nova redacción deste artigo ao entender que é pouco claro. Asemade, resalta a necesidade de indicar o obxectivo de recoller a defensa da maternidade e

paternidade neste artigo xa que está incorporado noutras normas. De feito, xa o fai nos procesos de tutela e adopción.

- Artigo 45. Accesibilidade dos recursos e servizos de conciliación

De xeito similar ao recollido na consideración do artigo anterior, o CES considera que o apartado 1 tamén precisaría aclaración.

O CES considera necesario modificar o apartado 5 para estender a obriga de promover a oferta de recursos de conciliación non só no período estival senón en todos os períodos non lectivos.

- Artigo 46. Medidas de protección da saúde infantil nos recursos e servizos de conciliación

O CES considera necesario incorporar entre as medidas de protección da saúde infantil nos recursos e servizos de conciliación a “saúde bucodental”, polo que propón a súa inclusión no apartado 2.

- Artigo 47. Educación infantil 0-3 anos

O CES considera necesario sinalar especificamente que a Administración autonómica promoverá de maneira inclusiva unha dotación suficiente de prazas e recursos para facer efectivas as posibilidades de acceso, permanencia e promoción de toda a poboación infantil, así como que esta dotación de prazas e recursos sexa **de calidade**.

- Artigo 48. Atención das necesidades puntuais de conciliación

No punto 2 deste artigo establécese a promoción do voluntariado para apoios esporádicos no domicilio co fin de coidado de nenos e nenas. O CES considera necesario que para unha mellor garantía de calidade no servizo debería fomentarse a profesionalización deste, polo que a atención das necesidades puntuais de conciliación debería realizarse vía emprego e non deixarse en mans do voluntariado.

- Artigo 50. Impulso da flexibilidade

O CES considera que as medidas de flexibilidade que se vaian pór en marcha haberán de ser acordadas coa representación sindical, en especial as relacionadas coas novas tecnoloxías.

Asemade, bótase en falta a referencia ao coidado de familiares que convivan no fogar en termos semellantes ao recollido no artigo 51.

- Artigo 54. Axudas para facilitar a conciliación

O CES considera necesario incorporar un novo punto 3 onde se indique que as axudas beneficiarán ás persoas con independencia do seu xénero.

- Artigo 61. Educación non formal e voluntariado

O CES non entende a inclusión deste artigo nunha Lei como esta, polo que propón a súa eliminación.

Non obstante, de manterse o artigo bótase en falta que non haxa ningunha medida para a formación nos coidados no ámbito familiar, pois considérase preciso contar con persoas formadas para ofrecer coidados axeitados no seu entorno.

- Artigo 62. Impulso ao emprendemento

O CES considera que este artigo debería incorporar unha mención ao tipo de emprendemento que se precisa ou axeitado para o impulso demográfico e a fixación da poboación, en termos de que sexa viable e potencialmente xerador de emprego de calidade.

- **Título II, Capítulo V (artigos 65-73). Retorno e atracción de nova poboación**

Tendo en conta que o obxectivo desta Lei é o impulso demográfico, o CES bota en falta un capítulo específico con medidas para fixar poboación.

- Artigo 71. Mercado laboral

O punto 1 deste artigo establece que a Administración Autonómica identificará periodicamente as necesidades que presenta o mercado laboral galego, se ben non con que periodicidade se realizará esta análise. O CES quere sinalar que na actualidade este estudio xa o realiza o Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

- Título II, Capítulo VI (artigos 74-98).

Equilibrio territorial O CES considera necesario a incorporación dun novo artigo onde se recolla a garantía de que se presten servizos básicos no rural como a sanidade, educación, xustiza e dependencia.

Asemade, tendo en conta que a maior parte da Comunidade Autónoma é rural e perde poboación de forma continuada, o CES considera necesario que a norma incorpore medidas especiais que permitan poñer en valor o medio rural e contribúan a un maior equilibrio territorial. Neste senso, en opinión do CES deberíanse incorporar os seguintes contidos no texto da norma:

- A Administración autonómica favorecerá a implantación de proxectos educativos específicos, a nivel regrado e non regrado, orientados a inserción das mozas e mozos no medio rural.
 - A Administración autonómica coordinará e integrará as diversas políticas orientadas a sostenibilidade territorial.
- Artigo 76. Desenvolvemento sustentable das políticas e servizos públicos

Ademais da alusión á Economía Azul como referente a ter en conta, o CES bota en falta a referencia a outras economías(a propia Economía Social, a chamada Economía Circular ou a Economía Verde, entre outras), que tamén introducen un claro factor de corrección nos desequilibrios ecolóxicos e de sustentabilidade, que contan ademais con referencias xerais de ámbito estatal e europeo.

- Artigo 77. Accesibilidade dos servizos públicos

O CES considera necesario completar o contido deste artigo tendo en conta tanto a necesidade de descentralización que garanta os criterios de proximidade e de fixación da poboación nas zonas pouco poboadas, como o acceso de toda a cidadanía aos servizos básicos con independencia das súas condicións e características persoais e sociais.

- Artigo 79. Telecomunicacións

O CES bota en falta no apartado 1 deste artigo unha referencia aos prezos e á calidade do servizo. Asemade, considera que os termos en que está redactado o apartado segundo non garante unhas condicións similares ás do resto do territorio.

- Artigo 81. Servizos para as persoas con discapacidade no medio rural e costeiro non urbano

O CES considera necesario incorporar unha referencia ao desenvolvemento persoal e social autónomo e activo, así como á colaboración coas entidades de iniciativa social de apoio á discapacidade presentes no territorio.

- Artigo 82. Prazas educativas e recursos de conciliación

O CES considera que o texto da norma debe contemplar a priorización do principio de proximidade como elemento de fixación da poboación nas zonas pouco poboadas. Ao mesmo tempo, considera que debe modificarse o apartado segundo do artigo facendo extensivas as etapas de educación ata a obrigatoria.

- Artigo 83. Estándares de calidade no ensino

O CES considera que a alusión xenérica a “criterios pedagóxicos” pode influír negativamente na consecución do obxectivo que se sinala no texto.

- Artigo 84. Formación profesional

O CES considera necesario potenciar a reciclaxe da poboación activa adecuando a formación profesional e ocupacional ás necesidades específicas de cada área rural, así como introducir novas tecnoloxías e métodos de produción.

- Artigo 87. Acceso á terra.

O CES bota en falta que a preferencia do acceso á terra non teña en conta “aspectos sociais, medioambientais e de fixación de poboación”, para que se desenvolva logo na normativa sectorial que o regule.

- Artigo 89. Sustentabilidade das actividades agroforestais e marítimo- pesqueiras.

O CES considera necesario incluír o monte dentro da “xestión activa e multifuncional”, xa que prevalece o uso exclusivamente forestal sobre os demais.

- Artigo 90. Diversificación da actividade económica.

O CES bota en falta unha referencia a criterios de respecto ao medio ambiente e compatibilidade coa súa contorna e idiosincrasia, así como que contribúan, especialmente, a pechar ciclos produtivos, a incorporar maior valor engadido aos produtos e actividades existentes e a desenvolver o potencial e as vantaxes competitivas de cada zona.

Asemade, este organismo entende que as medidas que se contemplan deberían focalizarse nas zonas con risco de despoboamento.

- Artigo 91. Relevo xeracional no medio rural e costeiro non urbano.

O CES considera necesario unha maior concreción na redacción deste artigo, de xeito que se priorice aquelas zonas en risco de despoboamento, en liña co obxectivo desta Lei. Neste texto o relevo xeracional está recollido con carácter xeral para actividades económicas, cando o problema se atopa en determinadas actividades produtivas que teñen máis dificultades ou que están situadas en zonas con risco de despoboamento.

- Artigo 94. Incentivos ao investimento

Ao igual que quedou reflectido na consideración particular do artigo 91, o CES considera necesario unha maior concreción na redacción deste artigo xa que recolle medidas moi xerais que non diferencian zonas en risco de despoboamento, doutras zonas, nin actividades que contribúan a fixar poboación e a mellorar a calidade de vida das persoas e do entorno. Neste senso, este organismo bota en falta unha mención aos devanditos factores.

- Artigo 96. Apoio ao comercio de proximidade

O CES considera necesario ter en conta toda a estrutura comercial xa que esta facilita e fomenta a fixación de poboación.

- Artigo 97. Servizos bancarios

O CES considera necesario concretar medidas específicas neste ámbito pola peculiar especificidade da reestruturación sufrida polo sector financeiro e a especial importancia dos servizos de intermediación coa Administración pública que prestan ditas entidades.

- Artigo 100. Tecnoloxía aplicada ao envellecemento activo e saudable

O CES considera que debe completarse e concretarse o contido deste artigo de xeito que se garantan os servizos de acompañamento e asistencia presencial.

- Artigo 104. Atención a domicilio para as persoas maiores

O CES considera necesario salientar que a atención á dependencia e o coidado ás persoas maiores poder ser un factor relevante de desenvolvemento económico e de fixación de poboación en zonas

demograficamente deprimidas. Asemade, este organismo entende que debe garantirse que todas as persoas teñan acceso a este servizo público (universalización do servizo).

Propónse a eliminación do punto segundo deste artigo, xa que o servizo de atención ás persoas debe ser un servizo profesionalizado, atendido por persoal cualificado, garantindo que o emprego creado no sector sexa un emprego de calidade.

- Disposición derradeira primeira. Modificación do decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia

O CES considera necesario eliminar esta disposición derradeira primeira xa CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA 26 que entende que unha lei de impulso demográfico non é o instrumento axeitado para modificar as rateos definidas no decreto 329/2005, do 28 de xullo.

Ao mesmo tempo, considera que esta materia non debería regularse nun texto como este por ser obxecto de negociación colectiva noutro ámbito de actuación.

- Disposición derradeira segunda. Creación do Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia

Do mesmo xeito que na disposición derradeira primeira, o CES considera que a Lei de Impulso Demográfico non é a ferramenta adecuada para introducir cambios legislativos en leis colaterais coas que, como neste caso, non hai unha vinculación directa entre o obxecto e contido da propia Lei e o cambio que se quere introducir.

Por este motivo, e tendo en conta ademais que esta disposición agora introducida, non foi coñecida nin pola cidadanía nin os axentes sociais no trámite de alegacións, este organismo propón a súa eliminación.

- Disposición derradeira quinta. Modificación do texto refundido das disposicións da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro

O CES considera necesario eliminar esta disposición derradeira ao entender que unha lei de impulso demográfico non é o instrumento axeitado para modificar as disposicións da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, xa que non garda relación directa co obxecto e contido da Lei.

Non obstante, entende que debe establecerse un marco onde as pemes, atendendo ás súas singularidades, podan concorrer en igualdade de condicións.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

1.- Debería realizarse unha revisión ortográfica e lingüística (linguaxe de xénero) do anteproxecto, en relación, entre outros aspectos, co seguinte:

a) Nas clasificacións de diversos artigos utilízanse as letras “j” e “k”, que non fan parte do alfabeto galego (art. 3)

b) Expresións como “o acceso ao crédito de traballadores e traballadoras autoónomos e...” (artigo 13.2)

c) Substituír no articulado da Lei a expresión persoas dependentes por “persoas en situación de dependencia” (a modo de exemplo, no artigo 48.3 “.... no uso de servizos de atención a persoas en situación de dependencia ou con discapacidade no domicilio....”).

2.- No conxunto do texto, ao falar de “conciliación”, debería empregarse sempre que sexa necesario a expresión “conciliación corresponsable”, tal e como se establece nas recomendacións do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021.

3.- Co mesmo carácter, ao falar de “accesibilidade”, debería empregarse a expresión “accesibilidade universal”. Entendemos que é máis acaída na hora de reforzar o valor inclusivo que esta Lei debe incorporar. Por exemplo, no artigo 39.1, “... con cambiadores para o aseo dos nenos e nenas con accesibilidade universal, segura e autónoma....” Ou no artigo 34, “.., e a mellora da accesibilidade universal, contemplando trato diferenciado...

4.- Ao longo do texto hai cuestións que aparecen duplicadas en diferentes artigos, así como deficiencias na estruturación do anteproxecto remitido que esixirían unha melloría na técnica lexislativa.

5.- Debería homoxeneizarse a definición de medio rural, xa que o artigo 3 da Lei fai referencia a zonas intermedias(ZIP) e zonas pouco poboadas de Galicia (ZPP), en tanto que nos artigos 82 e 83 refírese a concellos de menos de 5.000 habitantes, e nos artigos 90 e 91 refírese a municipios con menos de 10.000 habitantes.

2.2 REUNIONS DOS ORGANOS COLEXIADOS

Para cumprir as súas funcións, o CES organízase en comisións sectoriais de traballo, ademais dunha Comisión Permanente e o Pleno. A súa composición e estrutura poden consultarse na primeira parte desta memoria de actividades e, como todo o resto do material documental, na web do Consello.

A actividade do exercicio 2020 (a maioría de maneira virtual segundo as restricións vixentes co motivo da pandemia do COVID 19) demandou a celebración de 6 sesións plenarias, 8 reunións da Comisión Permanente e 13 sesións das distintas comisións sectoriais que elaboran as propostas dos traballos.

Resúmense de seguido os cometidos abordados por estes órganos colexiados:

Pleno: 6 sesións

- 1/20 celebrado o 13 de xaneiro: aprobación da proposta de ditame do anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia.
- 2/20 celebrado o 29 de xaneiro: distribución representantes do Grupo III nas comisións sectoriais e proposta de axenda de actividades para 2020.
- 3/20 celebrado o 7 de febreiro: proposta de inicio de proceso de renovación do CES segundo artigo 44 do Regulamento.
- 4/20 celebrado o 28 de xullo: aprobación Memoria socioeconómica 2019. Aprobación dos informes Camiño de Santiago- Vía da Prata para o desenvolvemento sostible a escala local e A situación da muller no limiar de 2020. Reprogramación das actividades do CES 2020.
- 5/20 celebrado o 1 de outubro: distintos acordos relativos ao persoal.
- 6/20 celebrado o 16 de novembro: proxecto orzamentos para 2021. Manifesto de apoio ao Corredor Atlántico.

Comisión Permanente: 8 sesións

- 1/20 celebrada o 9 de xaneiro: tramitación proposta de Ditame sobre Anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico de Galicia.
- 2/20 celebrada o 27 de xaneiro: distribución representantes do Grupo III nas comisións sectoriais, proposta de axenda de actividades para 2020 e proposta relativa ao persoal do CES.
- 3/20 celebrada o 6 de febreiro: : proposta de inicio de proceso de renovación do CES segundo artigo 44 do Regulamento. Nova proposta de funcionarización do persoal.
- 4/20 celebrada o 5 de xuño: Reprogramación das actividades 2020 consecuencia da declaración do Estado de Alarma. Posicionamentos do CES e da Comisión Permanente relativas a pandemia Covid-19 e á publicación do informe “As mulleres galegas no limiar do 2020”.
- 5/20 celebrada o 24 de xullo: tramitación proposta da Memoria 2019 e do informe Camiño de Santiago-Vía da Prata. Reprogramación de actividades 2020.
- 6/20 celebrada o 28 de setembro: toma en consideración de distintos asuntos relativos ao persoal.
- 7/20 celebrada o 13 de novembro: proxecto de orzamentos 2021, e manifesto ao Corredor Atlántico.
- 8/20 celebrada o 15 de decembro: toma de posición do CES sobre a tramitación da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Comisión Sectorial nº 1- Economía, emprego e sectores produtivos: 0 sesións.**Comisión sectorial nº 2- Sector público e benestar social: 5 sesións.**

- 1/20 en sesión do 16 de xaneiro: análise da proposta de informe “A procura da equidades. As mulleres galegas no limiar de 2020”.
- 2/20 en sesión do 30 de xaneiro: avaliación das aportacións ao informe “A procura da equidades. As mulleres galegas no limiar de 2020”.
- 3/20 en sesión do 20 de maio: avaliación final e decisión sobre o informe “A procura da equidades. As mulleres galegas no limiar de 2020”.

- 4/20 en sesión do 25 de setembro: inicio proceso do informe “Diagnóstico sobre o sistema de cuidados de longa duración en Galicia dende a perspectiva da prestación de servizos e a creación de emprego”.
- 5/20 en sesión de 30 de setembro: inicio proceso de elaboración do informe “A empregabilidade da mocidade en Galicia: diagnóstico, políticas e propostas de actuación”.

Comisión sectorial nº 3- Desenvolvemento Rexional: 2 sesións.

- 1/20 celebrada o 13 de febreiro: presentación proposta de informe “Avaliación e análise do potencial do Camiño de Santiago-Vía da Prata para o desenvolvemento sostible a escala local”.
- 2/20 celebrada o 30 de xuño: análise do informe “Avaliación e análise do potencial do Camiño de Santiago-Vía da Prata para o desenvolvemento sostible a escala local”.

Comisión sectorial nº 4- Memoria socioeconómica: 6 sesións.

Como cada ano, a Comisión Sectorial nº 4 elaborou a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2019, para o que foron necesarias seis sesións (telemáticas) de análises e debates xurdidos das novas propostas froito do acontecer da nosa economía:

- 1/20 celebrada o 28 de maio: análise da proposta do Capítulo 1 e 3- Panorama económico e Dinamismo de tecido produtivo.
- 2/20 celebrada o 11 de xuño: análise da proposta do capítulo 2 e 4- Mercado de traballo e relacións laborais e Calidade de vida e benestar social.
- 3/20 celebrada o 18 de xuño: análise da proposta do Capítulo 4.1 (pendente da sesión anterior)-Saúde e do capítulo 5-Recursos e capacidades para o desenvolvemento.
- 4/20 celebrada o 2 de xullo: análise dos capítulos 1 e 3 das novas modificacións apuntadas nas sesións anteriores.
- 5/20 celebrada o 9 de xullo: análise da proposta do Capítulo 1- Panorama económico. Análise da proposta de limiar e do resumo.

- 6/20 celebrada o 16 de xullo : revisión final da proposta da Memoria 2019.

2.3 ACTIVIDADE INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN

Xunto coa a súa actividade interna, dirixida á plasmación do seu labor consultivo, o CES desenvolve tamén actividades de tipo externo como colaboracións con outros organismos, participación en organizacións de ámbito tanto comunitario como europeo, nun intento de proxectar á sociedade os pareceres, as opinións, as inquiredanzas sociais e económicas das organizacións, entidades e asociacións representadas no seu seo.

As actividades levadas a cabo no 2020, seguindo orde cronolóxica son as seguintes:

- **VI Edición do Premio “Valentín Paz Andrade” de investigación en economía de Galicia: 19 de febreiro.**

No marco da colaboración que se mantén coa Universidade de Santiago, e en concreto co IDEGA, a participación na convocatoria do VI Premio de Investigación en Economía de Galicia “Valentín Paz Andrade”, convocado co obxecto de recoñecer e premiar aqueles traballos de investigación que contribúan ao mellor coñecemento da realidade económico-social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para contribuír ao benestar dos seus cidadáns. Nesta convocatoria 2019 o xurado premiou un traballo de investigación sobre os parques eólicos e os pagamentos aos propietarios dos terreos nos que se instalan como oportunidade para o desenvolvemento rural. Os autores do estudio, Damián Capena e Xavier Simón, recolleron o seu galardón de mans do presidente do CES, Agustín Hernández, nun acto solemne celebrado no Pazo de San Xerome da institución académica compostelá. O artigo foi publicado na revista *Renewable and Sustainable Energy Reviews*.



Na segunda modalidade do premio, correspondente a teses de doutoramento, o premiado foi Adrián Dios Vicente, pola súa *“Historia de Unión Fenosa no marco do sector eléctrico, 1982-2008. Evolución empresarial, financeira e impacto do marco regulador”*. O autor recolleu o seu premio de mans do reitor da USC, Antonio López Díaz.

Tanto os galardoados como os representantes institucionais salientaron a importancia da investigación como forma de coñecer a realidade e vía para a mellor toma de decisións e coincidiron na oportunidade de iniciativas como estes premios, que incentivan o bo facer no campo do coñecemento da realidade económica de Galicia.

Con esta iniciativa, que xa cumpríu a súa sexta edición, as dúas institucións convocantes tentan premiar os traballos de investigación que axuden ao mellor coñecemento da realidade económico-social de Galicia e ao establecemento das políticas máis axeitadas para contribuír ao benestar dos seus cidadáns.

- **Acto de presentación do Estudo “AVALIACIÓN E ANÁLISE DO POTENCIAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO-VÍA DA PRATA, PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE A ESCALA LOCAL”: 6 de agosto**

Froito do convenio de colaboración firmado en xuño do 2019 entre o CES, a Deputación de Ourense e a USC.

O acto transcorreu no Mosteiro de Oseira, concello de San Cristovo de Cea ca presenza do Conselleiro de Cultura, o Presidente da Deputación de Ourense, o Presidente do CES, a Comisaría do Xacobeo e o director da equipa que elaborou o informe.



- **Convenio ca Universidade da Coruña para realización do proxecto “INFORME SOBRE O SISTEMA DE COIDADOS DE LONGA DURACIÓN EN GALICIA DENDE UNHA PERSPECTIVA DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS E DE CREACIÓN DE EMPREGO” e Xornada do 25 de setembro.**

En base ao convenio de colaboración entre o CES e a UDC para a realización do Informe sobre os coidados de longa duración en Galicia, celebrouse na sala de Plenos do Consello unha xornada a cargo dos investigadores Raquel Martínez Buján e Paolo Rungo .

A exposición, de gran interese social tivo como obxectivo xeral a análise da evolución sociodemográfica da poboación en situación de dependencia, das súas necesidades sociais, demandas satisfeitas pola administración pública e incidencia na xeración de emprego.

- **CONVOCATORIA 2020: VII EDICIÓN DO PREMIO “VALENTÍN PAZ ANDRADE” : 2 de outubro**

No marco da colaboración que se mantén coa Universidade de Santiago, e en concreto co IDEGA, a participación na convocatoria do VII Premio de Investigación en Economía de Galicia “Valentín Paz Andrade”, convocado co obxecto de recoñecer e premiar aqueles traballos de investigación que contribúan ao mellor coñecemento da realidade económico-social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para contribuír ao benestar dos seus cidadáns.

O premio ten dúas modalidades: os traballos de investigación publicados en revistas científicas ou en editoriais recoñecidas, entre o 15 de outubro de 2019 e o 14 de outubro de 2020 e premiar tamén as teses de doutoramento presentadas dende o 15 de outubro de 2019 ata o 14 de outubro de 2020.

A presentación de candidaturas ten lugar entre o 2 de outubro e o 15 de novembro de 2020, aberta a calquera profesor, investigador ou institución.

O Xurado esta composto polos seguintes membros:

- O REITOR DA USC, que o preside
- A PRESIDENTE DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA
- O DIRECTOR DO IDEGA, que actúa de secretario
- UN MEMBRO DO CONSELLO CIENTÍFICO DO IDEGA, designado por este
- UN MEMBRO DO CONSELLO ECONÓMICO-SOCIAL, designado por este
- TRES PERSOAS DE TRAXECTORIA RECOÑOCIDA NA INVESTIGACIÓN EN CIENCIAS SOCIAIS EN GALICIA.

A resolución do Xurado, ten en conta os seguintes criterios: relevancia da contribución para o progreso do coñecemento da realidade socioeconómica de Galicia e relevancia para a mellor asignación dos recursos, o impulso ao crecemento ou ao emprego e á consecución de cotas máis altas de equidade. A dotación do premio para a primeira modalidade es de 2.000 euros e de 1.000 euros para a segunda.

O fallo do xurado faise público antes do 20 de decembro de 2020.



- **EIXO ATLÁNTICO-CES GALICIA: 23 de outubro.**

Coa idea de unificar criterios e unir vontades, responsables do Eixo Atlántico mantiveron unha xuntanza na sede do CES, co presidente do Consello Económico e Social de Galicia para impulsar un gran movemento social e coordinar iniciativas conxuntas en defensa do Corredor Atlántico. Na reunión, a vicepresidenta do Eixo Atlántico e alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o secretario xeral da organización, Xoán Vázquez Mao, comentaron co presidente do organismo consultivo, Agustín Fernández, a necesidade de manter un esforzo decidido, cohesionado e unánime para garantir o futuro dunha infraestrutura de vital importancia para o territorio do noroeste peninsular.

Foi a primeira toma de contacto entre estes organismos para impulsar un movemento amplo, mesmo unánime, de axentes socioeconómicos, institucións e administracións para reclamar a priorización da execución do corredor atlántico. Ambos os dous organismos entenden que, alén de cores políticos ou intereses parciais, é o momento de acadar o maior número de adhesións a calquera iniciativa que sirva para impulsar o corredor atlántico, desde a máxima unidade. Neste senso, o Eixo Atlántico representa aos concellos do noroeste peninsular, tanto en Galicia como en Portugal, mentres que no CES están presentes os actores económicos e sociais da sociedade civil. Xuntos amalgaman unha ampla variedade de representación do territorio para o que o corredor atlántico é un eixo vital.

Segundo explicou a vicepresidenta do Eixo, “pretendemos xerar un movemento social de apoio, porque non podemos perder a oportunidade. Queremos reivindicar que o corredor atlántico non quede descolgado da axenda política nin do debate sobre o reparto dos fondos de reestruturación europeos. O noroeste non pode quedar descolgado da cohesión económica e social.” Con ese obxectivo, un dos primeiros movementos será solicitar unha reunión co presidente da Xunta de Galicia e remitir senllas cartas ao primeiro ministro luso, ao presidente do Goberno de España e á presidenta da Comisión Europea coas reivindicacións que se plantexan. “Tamén se pretende consensuar un manifesto para que poida ser respaldado ao máximo polo tecido económico e social”, adiantou Méndez.

Logo da xuntanza, o presidente do CES-Galicia, Agustín Hernández, salientou que as iniciativas que se plantexan “non pretenden priorizar un corredor a costa ou en detrimento doutros, senon priorizar o Atlántico en base á súa posición estratéxica e potencialidade”. Segundo Hernández, o obxectivo sería que “o desexable impulso ao corredor se acade como un proxecto de país, de territorio, un proxecto por riba dos intereses curtopracistas dun determinado goberno, o que implica unha visión a longo prazo.”



- **Comparecencia na Comisión especial do Parlamento sobre reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19: 20 de novembro.**

O presidente do Consello Económico e Social de Galicia, Agustín Hernández Fernández de Rojas, compareceu na Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19 para trasladar as reflexións do organismo consultivo sobre as medidas que axuden a superar a situación que estamos a vivir. Hernández salientou que

cómpre establecer actuacións rápidas e contundentes e insistiu na necesidade de que as mesmas se tomen buscando o máximo consenso e acordo.

Nunha intervención dividida en tres partes, o presidente do CES comezou con reflexións sobre as actuacións paliativas no ámbito sanitario, social e económico, para seguir con propostas sobre as medidas de choque e de recuperación a curto prazo, antes de rematar coas propostas de medidas estruturais a medio e longo prazo.

A través desta participación na comisión do Parlamento de Galicia, o CES tenta “ser útil e contribuír” ao traballo que se está a desenvolver.

- **Observatorio Galego de Dinamización Demográfica: 25 de novembro.**

O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, órgano colexiado asesor no que participa o CES, e que celebra as súas sesións na sede no CES, ten entre as súas funcións as de recompilar, analizar e intercambiar información relevante desde o punto de vista demográfico; definir e aplicar indicadores que permitan medir as variables demográficas, con especial atención ao fenómeno da exclusión territorial ou á singularidade e especificidade dos impactos do cambio demográfico en Galicia; realizar e divulgar os estudos e traballos que resulten de interese dende o punto de vista demográfico; promover a produción de material documental de interese; identificar as iniciativas en materia de dinamización demográfica; e formular propostas e recomendacións para ser consideradas na configuración das liñas estratéxicas da acción pública de Galicia.

No 2020 celebrouse a sesión nº 7 do Observatorio nos que se delibera e decide sobre os seguintes puntos: renovación do membros do órgano e traslado da solicitude de informe respecto do impacto da Covid-19 a nivel demográfico por parte da Comisión de Reactivación do Parlamento de Galicia e organización do traballo preciso para darlle resposta e que sexa de utilidade para o tempo que se esta a vivir.

- **Comparecencia na Comisión de orzamentos do Parlamento de Galicia: 2 de decembro.**

O presidente do CES-Galicia, Agustín Hernández, compareceu na Comisión parlamentaria de orzamentos para explicar os proxectos do organismo para o exercicio de 2021 e as contas previstas para levalos a cabo.

O presidente desglosou as principais partidas das contas, un exercicio marcado, como para o conxunto da sociedade, polas consecuencias da pandemia da covid-19.

Nas súas intervencións de resposta, os voceiros dos distintos grupos da Cámara alabaron o labor do Consello, insistiron na súa importancia como foro de diálogo da sociedade civil e lembraron a necesidade de manter a súa independencia.

- **VII Edición do Premio “Valentín Paz Andrade” de investigación en economía de Galicia: 22 de decembro.**

O certame, organizado pola USC e o CES-Galicia, tenta axudar ao mellor coñecemento da realidade económica e social galega e ao establecemento das mellores políticas para contribuír ao benestar dos seus cidadáns.

Unha investigación sobre o dobre papel de Galicia como núcleo e periferia na división global de actividades extractivas, así como unha análise sobre os últimos 30 anos do sector agrario e agroalimentario galego, son os traballos recoñecidos *ex aequo* co Premio Valentín Paz Andrade de investigación en economía de Galicia na modalidade dirixida a **artigos científicos**.

O artigo asinado polos investigadores da USC María Luísa Chas Amil e Xoán R. Doldán García, xunto a Pablo Piñero, David Pérez Neira e Juan Infante, defende que unha rexión, como Galicia, pode desempeñar un dobre papel como núcleo e periferia na división global de actividades extractivas.

A publicación demostra que Galicia é importador neto de recursos naturais procedentes de economías de renda media e baixa e que, canto máis baixos son os ingresos do socio comercial, máis intensas son as importacións de materias primas. Porén, este déficit é menos acentuado que no resto de España.

Asemade, Galicia é unha fonte, é dicir, exportador neto de materias primas en comparación con economías máis prósperas da Unión Europea e, incluso para algúns socios comerciais chave, como Alemaña, Reino Unido e o resto de España, é un importador neto de valor engadido.

Pola súa parte, Edelmiro López Iglesias aborda, no outro dos artigos premiados, como nos últimos 30 anos o sector agrario e o complexo agroalimentario galego tiveron que “afrontar profundas mudanzas no seu marco de funcionamento como consecuencia dos cambios nos mercados, nas políticas e nas demandas da sociedade”. Nese contexto, o sector deu mostras nalgúns aspectos “dun notable dinamismo e capacidade de resposta”, sinala o investigador.

Un exemplo que evidencia esta premisa é a expansión da produción láctea, “que permitiu que Galicia se consolidara entre as dez primeiras rexións leiteiras da UE, ou o desenvolvemento de producións diferenciadas e de calidade principalmente no vacún de carne e no viño”, continúa López Iglesias.

No referido á tecnoloxía produtiva, o sector agrario mantivo un elevado esforzo investidor que, unido ao acelerado axuste da man de obra, posibilitou que “o enorme atraso do que partía na dotación de capital por traballador fora superado”, explica o profesor da USC. Tal esforzo investidor permitiu tamén a consolidación dun segmento de explotacións profesionais medianas, aínda minoritario, pero que constitúe xa, tal e como establece o artigo premiado, o núcleo produtivo do sector. “Porén, a pesar dos avances, o complexo agroalimentario segue presentando aquí fortes deficiencias, especialmente en dous aspectos: os déficits estruturais na base territorial das explotacións e nos usos da terra, e a debilidade da agroindustria”, explica o investigador. Estas deficiencias provocaron que nas tres últimas décadas se ampliara o saldo negativo da balanza agroalimentaria.

En ambos os dous artigos, o xurado valorou a relevancia do obxecto de estudo, así como “o rigor e a exhaustividade das análises realizadas”.

Na modalidade dirixida a recoñecer **teses de doutoramento**, o galardón recaeu na investigación A Moto-mecanización da Agricultura en Galiza (1939-2000). Políticas de innovación, mercados e comunidades labregas de Bruno Esperante Paramos, baixo a dirección de Lourenzo Fernández Prieto e Daniel Lanero Táboas. No seu ditame, o xurado salientou “o carácter novidoso” desta investigación. Esta tese analiza a introdución de tractores nas agriculturas familiares en Galicia entre 1939 e o ano 2000. Para iso, o investigador parte dunha división cronolóxica en base a tres paradigmas de innovación tecnolóxica na agricultura ao longo do século XX. “En primeiro lugar, e baixo o pulo da segunda onda da industrialización a fins do século XIX, mecanízase a agricultura no marco dun paradigma liberal e de economía de mercado. Porén, o golpe de Estado militar de 1936 rompe con estas tendencias e, dende 1939, a Ditadura de Franco tenta construír un paradigma tecnolóxico baseado no fascismo agrario e na autarquía”, explica Bruno Esperante. Mais na década dos corenta e nos cincuenta, a agricultura en Galicia experimenta unha “forte crise”, sinala o investigador, debido á falta de todo tipo de inputs industriais. Situación que se agrava debido á súa exclusión das políticas de moto-mecanización ata os anos sesenta. “Por outra banda, a chegada dos créditos norteamericanos nos anos cincuenta á Ditadura fórzana a abandonar os postulados do fascismo agrario e da autarquía”, engade Esperante. Constrúese dende entón outro paradigma de industrialización da agricultura dende os anos sesenta. “De alí en diante, as principais políticas de industrialización defínense cunha confianza cega na tecnoloxía. O éxodo rural e o fortalecemento da agro-industria incentivan unha rápida moto-mecanización da agricultura en Galicia durante os anos setenta”, conclúe Esperante.

O xurado do certame estivo composto polo reitor Antonio López, o presidente do Consello Económico e Social, Agustín Hernández; o director do IDEGA, Alberto Meixide; Xoán Carmona, en representación do Consello Científico do IDEGA; Fernando González Laxe e Xosé Henrique Vázquez Vicente.



2.4 O CES NA PRENSA

Para completar a información relacionada coas actividades anuais do organismo neste ano 2020, de seguido, relaciónanse as novas nas que o CES estivo presente na prensa e as que se accederá de cada enlace:

<https://www.elcorreogallego.es/hemeroteca/ces-echa-falta-medidas-concretas-ley-demografia-HSCG1223958>

<https://afondo.farodevigo.es/galicia/lei-demografica.html>

<https://www.laopinioncoruna.es/galicia/2020/01/14/ces-reclama-xunta-concrecion-dinero-23624711.html>

<https://www.farodevigo.es/galicia/2020/01/24/galicia-subvencionara-personal-abrir-miniguarderias-15371376.html>

<https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/2043583/ces-prescinde-conclusiones-recomendaciones-informe-anual-2019-impacto-pandemia>

<https://www.farodevigo.es/galicia/2020/07/30/ces-prescinde-conclusiones-informe-coronavirus-15108479.html>

<https://www.atlantico.net/articulo/galicia/eixo-ces-piden-potenciar-corredor-atlantico-mercantil/20201024023004802168.html>

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2020/10/23/eixo/00031603462999515500818.htm>

<https://www.elcorreogallego.es/galicia/fondos-ue-de-reconstruccion-para-el-impulso-del-transporte-JY5067380>

<https://www.farodevigo.es/galicia/2020/10/24/ces-eixo-atlantico-exigen-gobierno-20360332.html>

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-eixo-ces-instan-estado-evitar-agravio-comparativo-potenciar-corredor-atlantico-mercancias-20201023145727.html>

<https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/2133150/eixo-ces-instan-estado-evitar-agravio-comparativo-potenciar-corredor-atlantico-mercancias>

<https://www.elcorreogallego.es/galicia/el-paz-andrade-premia-la-revolucion-del-campo-CF5766657>

2.5 PRESENCIA INSTITUCIONAL

Como parte da súa actividade, tanto presidente coma o secretario xeral participaron en distintos actos en representación institucional do Consello. No ano 2020 e por orde cronolóxico foron os seguintes:

- 14 de xaneiro:** Acto de entrega dos “PREMIOS DA CULTURA GALEGA 2019” no Teatro Afundación en Vigo.
- 27 de xaneiro:** Acto de entrega do “Premio María Josefa Wonenburger Planells 2019” no Hostal do Reis Católicos en Santiago de Compostela.
- 28 de xaneiro:** Presentación Informe Demografía na sede do CES.
- 7 de febreiro:** entrevista co director do Grupo HISTAGRA, sobre historia agraria de Galicia, para dar a coñecer os proxectos o futuras colaboracións.
- 12 de febreiro:** presentación do informe OBSERVATORIO ECONÓMICO OURENSÁN 2020 no Centro Cultural “Marcos Valcárcel da Deputación de Ourense.

- 18 de febreiro:** Conferencia “Tiempos Borrascosos. Riesgos, shock y perspectivas sobre la política económica y social” impartida por el Catedrático da Universidade de Barcelona, D. Antón Costas na sede da CEP en Pontevedra.
- 19 de febreiro:** entrega da VI Edición do Premio “Valentín Paz Andrade” no Pazo San Xerome en Santiago de Compostela.
- 2 de marzo:** Almorzo coloquio con Luis Javier Cepedano, Presidente la Federación Leonesa de Empresarios “Infraestructuras y Desarrollo Socioeconómico” na sede do Círculo de empresarios de Galicia en Vigo.
- 5 de marzo:** Foro IESIDE de Sociedad y Economía con Carlos Ocaña Pérez de Tudela, Director General de FUNCAS en Santiago.
- 6 de marzo:** Xornada do Foro Económico de Galicia “Galicia 2040: El reto demográfico” na sede do CES.
- 7 de marzo:** entrega dos Premios 10 de Marzo do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia no Centro Sociocultural de Fontiñas en Santiago.
- 3 de xuño:** sesión encontro virtual “Conversaciones de Contingencia” con Alberto Núñez Feijoo organizada po APD Zona Noroeste.
- 4 de xuño:** acto telemático de NEF Online de Nueva Economía Forum con David Sassoli, Presidente del Parlamento Europeo.
- 8 de xuño:** acto telemático de NEF Online de Nueva Economía Forum con Gonzálo Caballero, Secretario Xeral do Partido Socialista de Galicia.
- 11 de xuño:** acto telemático de NEF Online de Nueva Economía Forum con Felipe González, Expresidente do Goberno de España.
- 12 de xuño:** acto telemático de NEF Online de Nueva Economía Forum con Juan Abarca Cidón, Presidente do Instituto para o Desenvolvemento e Integración da Saúde- IDIS e Presidente de HM Hospitales.
- 13 de xuño:** ACTO EN RECUERDO DE LAS VICTIMAS DE LA COVID-19 en Hotel Monumento San Francisco en Santiago.
- 15 de xuño:** encontro dixital con Alberto Núñez Feijoo, Presidente da Xunta de Galicia de Europa Press- encuentros digitales.
- 28 de xuño:** acto de imposición das MEDALLAS CASTELAO 2020 no Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia en Santiago.
- 30 de xuño:** acto telemático de NEF OnLine con Beatriz Pino, candidata por Ciudadanos a la presidencia de la Xunta de Nueva Economía Forum.
- 6 de xullo:** acto telemático de NEF OnLine con Alberto Núñez Feijóo, Presidente y de la Xunta de Galicia de Nueva Economía Forum.

- 13 de xullo:** acto telemático de NEF OnLine con José Juan Toharia y Andrés Medina Presidente y Director Xeral de METROSCOPIA, de Nueva Economía Forum.
- 14 de xullo:** acto telemático de NEF OnLine con J. Luís Rodríguez Zapatero, Expresidente del Gobierno de España, de Nueva Economía Forum.
- 15 de xullo:** reunión da Xunta de Goberno do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia-IDEGA.
- 20 de xullo:** acto telemático de NEF Online con Ana Pastor, Vicepresidenta segunda del Congreso de los Diputados y portavoz del Grupo Popular en la comisión para la Reconstrucción Económica y Social.
- 23 de xullo:** webinar Economía, trabajo y sociedad en España. El impacto del Covid-19, acto de presentación da Memoria anual do CES España.
- 24 de xullo:** acto de entrega das Medallas de Galicia 2020 na Cidade da Cultura de Galicia.
- 25 de xullo:** acto de saúdo a SS.MM Los Reyes na Praza do Obradoiro en Santiago de Compostela xunto coa Eucaristía Solemne del Apóstol Santiago e Ofrenda Nacional.
- 5 de setembro:** Acto de toma de posesión do Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo no Parlamento de Galicia.
- 17 de setembro:** conferencia de Alcaldes post Covi-19 do EIXO ATLÁNTICO do Noroeste Peninsular en Pontevedra.
- 1 de outubro:** acto telemático de NEF Online con Pepe Alvarez, Secretario General de UGT.
- 5 de outubro:** acto telemático de NEF Online con José María Aznar, expresidente del Gobierno de España y Presidente de FAES.
- 8 de outubro:** acto telemático de NEF Online con Luis Planas, Ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- 9 de outubro:** acto telemático de NEF Online con Inés Arrimadas, Presidenta de Ciudadanos.
- 9 de outubro:** evento “Diálogo sobre o futuro” organizado por A Fundación Empresa Universidad Gallega (FEUGA) en Pazo de Congresos de Santiago.
- 16 de outubro:** acto telemático de NEF Online con Unai Sordo, Secretario Ganeral de CC.OO.
- 27 de outubro:** acto de presentación del estudio de investigación de la USC “Mortalidad empresarial en Galicia, 1972-2008. Factores de impacto y gestión de riesgo” no Pazo Fonseca.

- 29 de outubro:** acto telemático de NEF Online con Pedro Duque, Ministro de Ciencia e Innovación.
- 2 de novembro:** Encontro conecta CEP: con Alberto Núñez Feijóo, Presidente da Xunta de Galicia.
- 10 de novembro:** acto telemático de NEF Online con Antonio Garamendi, Presidente da CEOE.
- 17 de novembro:** webinar “Encuentros en el EO” cos presidentes da Xunta de Galicia e do Principado de Asturias.
- 18 de novembro:** acto telemático de NEF Online con John de Zulueta, Presidente do Círculo de Empresarios.
- 24 de novembro:** webinar “La transición digital” do CES España.
- 27 de novembro:** acto telemático de NEF Online con Lorenzo Amor, Presidente de la Federación Nacional de Asociaciones de Trabajadores Autónomos-ATA.
- 3 de decembro:** acto telemático de NEF Online con Esperanza Aguirre, expresidenta de la Comunidad de Madrid.
- 9 de decembro:** reunión do xurado do VII Premio “Valentín Paz Andrade” no Salón Reitoral do Colexio San Xerome en Santiago.
- 11 de decembro:** reunión extraordinarioa da Xunta de Goberno do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia-IDEGA.
- 14 de decembro:** acto telemático de NEF Online con José Luis Escrivá, Ministro de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones.
- 11, 14 e 21 de decembro:** webinars “Ciclos de Seminarios en la web”, presentación dos Informes elaborados polo CES España.
- 18 de decembro:** primeiras mesas de traballo preparatorias para elaboración da nova Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 de Galicia 2021-2027” pola Axencia Galega de Innovación.
- 30 de decembro:** acto de saúdo o Delegado Rexio, D. Alberto Núñez Feijóo, na Praza do Obradoiro en Santiago.
- 31 de decembro:** acto de saúdo o Delegado Rexio, D. Alberto Núñez Feijóo, na Praza do Obradoiro en Santiago, Solemne apertura da Porta Santa.

Salas

Na sede do Consello acollemos tamén a outros organismos que o longo do ano, na Sala de Plenos do CES levaron a cabo diversas actividades e reunións. Así, no ano 2020 tiveron lugar as seguintes:

- 14 de xaneiro:** Dirección Xeral de Inclusión Social: Reunión Axenda Social Unica coa FEGAMP.
- 26 de febreiro:** Reunión da constitución do Observatorio Galego de Familia e Infancia
- 13 de marzo:** Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático: reunión do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- 13 de marzo:** Sesión ordinaria do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- 28 de abril:** Cª de Facenda: Comité de Seguimento do PO FSE Galicia 2014-2020.

